

Resolución do 14 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se crea, con carácter experimental, a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia no marco do Plan Recupera, se seleccionan os centros educativos que a conformarán e se ditan instrucións para nomear as persoas responsables destas unidades.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación na súa redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, contempla entre os seus principios a equidade, de xeito que se garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, tamén entre mulleres e homes, que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade, de acordo co establecido na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, ratificada en 2008, por España.

Como se recolle na exposición de motivos da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, a responsabilidade do éxito escolar do alumnado recae no seu esforzo persoal, no das familias, no do profesorado, no dos centros docentes, no das Administracións educativas e, en última instancia, na implicación do conxunto da sociedade. É dicir, para garantir unha educación de calidade para todos os cidadáns é imprescindible o compromiso de todos os compoñentes da comunidade educativa e do conxunto da sociedade.

No seu artigo 80.2 recóllese que as políticas de compensación reforzarán a acción do sistema educativo de forma que se eviten desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que a diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na atención a cada unha das alumnas e dos alumnos, na oferta de recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares



e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

Neste contexto, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pon en marcha a Rede Galega de Acompañamento e Orientación persoal e familiar enmarcado no Plan Recupera que se constitúe como un dos eixes da Estratexia Galega de Inclusión Educativa, EduInclusión 2021–2025. Este plan poderá ser obxecto de cofinanciamento polo Ministerio de Educación e Formación Profesional con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

Cómpre, por tanto, ditar as instrucións para a implantación da Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia, e na súa virtude, esta secretaría xeral:

DISPÓN:

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto desta resolución é establecer, con carácter experimental, a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia e determinar os centros que formarán parte dela, así como os criterios para a selección das persoas responsables da unidade de actuación en cada centro.
2. Será de aplicación nos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade nos que se impartan ensinanzas de educación infantil e primaria e/ou de educación secundaria.

Segundo. Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL)

1. Créase, ao abeiro do Plan Recupera, a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL), que actuará baixo a coordinación da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.
2. A rede, no curso académico 2021/22, estará constituída por un máximo de 32 centros, nos que se inclúen todos os centros públicos de educación infantil e primaria e de educación secundaria.
3. Cada centro que forme parte da rede constituirá a Unidade de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (UACO).



4. Cada Unidade de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (UACO) contará cunha persoa responsable do desenvolvemento das actuacións de apoio e seguimento ao alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos.

5. A persoa responsable da UACO terá como obxectivo principal facer o seguimento individualizado do alumnado máis vulnerable educativamente e colaborar coas súas familias e a súa contorna, dentro do ámbito xeográfico que se determine.

6. Estas Unidades de Acompañamento e Orientación persoal e familiar actuarán como canle de comunicación directa entre centros educativos, familias, administracións e outras entidades, tendo en conta a singularidade do alumnado das zonas rurais.

### Terceiro. Financiamento

A presente convocatoria atópase entre as actuacións cofinanciadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

Os centros deberán cumprir coas obrigas derivadas do financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) e con calquera outra que poida ser de aplicación.

### Cuarto. Responsable das Unidades de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (UACO)

1. A dirección do centro proporalle á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional unha persoa de entre o profesorado do centro que, con carácter xeral, teña destino definitivo, para o desenvolvemento das actuacións da UACO.

2. A persoa que vaia desempeñar estas funcións deberá posuír formación en mediación, habilidades sociais e educación emocional.

3. A persoa responsable das Unidades de Acompañamento e Orientación persoal e familiar terá dedicación completa e exclusiva para o desenvolvemento das súas funcións.

### Quinto. Incompatibilidades

O exercicio das funcións da persoa responsable das Unidades de Acompañamento e Orientación persoal e familiar é incompatible co exercicio das funcións atribuídas a algún outro cargo ou órgano do centro.



Sexto. Funcións da persoa responsable da dinamización das Unidades de acompañamento e Orientación persoal e familiar

1. As funcións da persoa responsable da dinamización das Unidades de Acompañamento e Orientación persoal e familiar son as seguintes:

a. Acompañamento, motivación e seguimento personalizado do alumnado máis vulnerables educativamente, escolarizado en centros educativos sostidos con fondos públicos, que estean dentro do ámbito da zona xeográfica que se determine, tendo en conta a singularidade do alumnado das zonas rurais.

b. Colaboración e coordinación cos equipos docentes e cos departamentos de orientación dos centros educativos sostidos con fondos públicos onde estea escolarizado o alumnado susceptible desta intervención, para un axeitado desenvolvemento do Plan Recupera.

c. Impulso da implicación e colaboración das familias para asegurar unhas condicións óptimas de educabilidade.

d. Coordinación e colaboración cos concellos, redes socioeducativas e outras entidades para acadar un éxito escolar máis equitativo e inclusivo.

2. Co obxecto de favorecer o correcto desenvolvemento das súas funcións, as persoas das Unidades de Acompañamento e Orientación persoal e familiar deberán participar nas actividades de formación que se desenvolverán por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Sétimo. Presentación de solicitudes

1. Cada centro deberá enviar unha única solicitude asinada pola dirección do centro, segundo o modelo establecido do anexo desta resolución, dirixida ao Secretario xeral de Educación e Formación Profesional.

2. Xunto coa solicitude, o centro deberá achegar a documentación que acredite o horario da persoa responsable da dinamización das Unidades de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar, e os medios cos que conta para o desenvolvemento destas funcións (espazo, medios telemáticos, teléfono...).

3. A solicitude de participación será aprobada pola dirección do centro, e polo consello escolar, de acordo coas súas competencias e previa información ao claustro.

4. As solicitudes remitiranse, correctamente asinadas, ao correo electrónico [xsioe@edu.xunta.gal](mailto:xsioe@edu.xunta.gal). O prazo de solicitude rematará o día 17 de setembro de 2021.



## Oitavo. Selección

Constituirase unha comisión de selección que estará integrada polos seguintes membros:

Presidencia: Secretario xeral de Educación e Formación Profesional ou persoa en quen delegue.

Vogalías: ata un máximo de catro vogais, entre persoal funcionario de carreira que ocupe postos de subdirección xeral ou xefatura de servizo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que actuará como secretario ou secretaria con voz pero sen voto.

## Noveno. Resolución

1. O Secretario xeral de Educación e Formación Profesional ditará unha resolución coa relación das Unidades que integran a Rede Galega de Acompañamento e Orientación persoal e familiar e a relación de responsables, para cada zona que se publicará no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal>).

2. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso de alzada perante o Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na web desta consellería, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente un recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo.

## Décimo. Seguimento e avaliación

A actuación das Unidades de Acompañamento e Orientación persoal e familiar serán obxecto de avaliación e seguimento a través da inspección educativa.

## Undécimo. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e sen prexuízo do disposto na súa disposición adicional duodécima,



os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Profesorado», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaria Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica a través do correo electrónico [sxt.educacion@xunta.gal](mailto:sxt.educacion@xunta.gal) ou mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Secretaría Xeral Técnica. Edificio Administrativo San Caetano. San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

En Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema

Secretario xeral de Educación e Formación Profesional